

**Mejoras en la educación para las
clases industriales de la comunidad**

Joseph Lancaster

Estudio introductorio por Miryam Carreño Rivero



Serie Clásicos de la Educación



JOSEPH LANCASTER. *Mejoras en la educación para las clases industriales de la comunidad*. Madrid: Morata; Colección Clásicos de la Educación de la Sociedad Española de Historia de la Educación, 2019. Estudio introductorio de Miryam Carreño Rivero. 236 pp. ISBN: 978-84-7112-949-9.

Estamos ante a reedición dun clásico. A figura de Joseph Lancaster forma parte do posíbel canon da historia da educación occidental como iniciador dunha modalidade nova e de máis complexa factura do chamado ensino monitorial ou mutuo escolar. Con independencia de que este canon puidese existir e ser referente valioso ou non, a figura de Lancaster ocupa un lugar de relevo na historia educativa occidental, pois as súas innovacións organizativas e didácticas na escola libre londiniense de Borough Road, por el aberta en 1798 e por el explicadas en libros posteriores, incidiron

na transformación escolar vivida en distintos escenarios sociais urbanos, sobre todo europeos e norteamericanos, ao longo da primeira metade do século XIX. Da man das innovadoras sociedades de educación ou de instrución creadas en diversas cidades europeas, tanto grandes como noutras medianas, e frecuentemente en colaboración coas autoridades da administración local, os anos trinta do século XIX coñecen unha auténtica expansión de escolas que seguen o sistema monitorial. As Sociedades de Educación adoito reunían recursos económicos, promovían a edición de libros de texto e de cartelas de parede para as distintas materias ou asuntos para estudar, ou amparaban a constitución de comisións examinadoras que seleccionaban o profesorado.

A presente edición reproduce a edición de 1805 (revisada por Lancaster: *Improvements in Education, as it respects the industrious classes of the community*), a través da terceira edición inglesa realizada en 1992, e asómase agora á lingua castelá. Lancaster abre o seu texto cunha dedicatoria e unha advertencia ao lector, ao que segue unha breve introdución en que indica que as páxinas conteñen o resultado da súa experiencia en favor dunha educación destinada a lograr bos cristiáns opostos ao sectarismo, e poñendo de manifesto a existencia daquela dun forte sectarismo relixioso que impedía abordar en mellores a educación dos nenos das familias máis humildes, quen debido á ausencia da educación caerían en condutas viciosas e negativas. Sobre este asunto Lancaster procederá a trazar deseguido (pp. 83-104) unha breve historia da escola por el fundada, como dixemos, en 1798.

De modo sistemático o autor explica (pp. 105-157) os principios que rexían a

institución: a súa organización en clases e leccións co auxilio de monitores (un por cada dez alumnos), a metodoloxía de ensino da lectura aínda presa dos procedementos de delectreo, as formas de delectrear e o uso de cartolinas de parede, a metodoloxía para o ensino da aritmética, o modo de clasificación do alumnado, as cuestións de avaliación e de disciplina, debéndose anotar aquí a específica atención concedida á cuestión da emulación e das recompensas e á disciplina encamiñada a “asegurarse a obediencia implícita do alumnado”.

Dous apartados específicos van dedicados á educación feminina e ao emprego, coa orientación dos labores domésticos (“capacitar as nenas para que gañen o suficiente”, con atención á lectura, a costura e ao trezado de palla, que habería de servir para a confección de sombreiros de uso xeneralizado na urbe londiniense), e á proposta da creación dunha sociedade protectora para o fomento das artes por unha parte, e á educación relixiosa mediante o uso de catecismos, para aprender igualmente a lectura, pola outra.

Finalmente, o texto de Lancaster inclúe un informe sobre o estado das escolas populares en Londres, con valiosas reflexións sobre a negligencia observada, a necesidade de loitar contra a pobreza infantil e a conveniencia de lograr mediante a instrución persoas que fosen ‘cidadáns do mundo e amigos da humanidade’ (p. 192), ademais de expoñer varias anotacións para a reforma das escolas de caridade, un apéndice a modo de miscelánea e a (numerosa) listaxe de subscritores.

A presente edición vén antecedida por unha magnífica introdución a cargo da pro-

fesora Miryam Carreño (pp. 13-68). Nela sinálanos que a obra de Lancaster foi editada por primeira vez en España en Madrid en 1818, traducida desde o francés, e precisa con rigor socio-histórico o contexto do nacemento da escola lancasteriana: o Londres e a Inglaterra da revolución industrial, a pobreza infantil, as durísimas condicións en que se desenvolvía o traballo de nenos e nenas, a miseria física e moral ambiental que chegaría a provocar o informe da Factory Comisión de 1833, así como as minoritarias perspectivas de reforma social que se abría á corrente filosófica do utilitarismo que formulan Jeremy Benthan e James Mill coa súa defensa da escolarización infantil, entre outras medidas que favorecería o nacemento de ‘escolas de caridade’ e ‘escolas dominicais’.

Con esta preocupación contextual e interpretativa, a profesora Carreño detense nos precedentes da escola lancasteriana (“o alumnado máis capaz serve de mestre ao alumnado menos capaz” en feliz e sintética fórmula empregada por Buisson); anota a influencia de Pestalozzi; revisa a experiencia de Andrew Bell en Madrás (co seu libro de informe de 1797: *An experiment in education made at the male asylum of Madras*), para, a continuación, estudar a figura de Joseph Lancaster, un moralista cristián non sectario con inclinacións humanistas e intensa preocupación pola infancia, ligado aos filántropos benthamistas e aos cuáqueros relixiosos, desde onde procedía unha educación relixiosa distanciada de calquera dogma relixioso particularizado. Deseguido a profesora sintetiza, a modo de sinopse, todo o conxunto da metodoloxía lancasteriana no dobre plano organizativo e didáctico, con especial atención á división do alumnado en ‘clases’, a subdivisión

das materias, o sistema continuo de exames para a promoción escolar... ocupándose igualmente do que a educación lancasteriana significaba como estimulación da educación meritocrática e incorporaba como materiais didácticos máis novos.

Vén, a seguir, a indicación da influencia escolar desta metodoloxía: contra o ano 1812 había máis de cen escolas en Inglaterra que a seguían. A creación da British and Foreign Society facilitará a súa multiplicación en Europa co fin das guerras napoleónicas, así como a súa expansión americana, africana e australiana.

Tamén en España e en Portugal. No caso español e a través da intermediación da lingua francesa e dos textos traducidos a ela desde o inglés. Juan Kearney dirixirá a primeira escola lancasteriana existente en Madrid a partir de 1817, que se reforzará coa Escola Central na Corte a partir de 1819 e outros impulsos ata a interrupción do liberalismo político en 1823 a causa do regreso ao poder político monárquico absolutista operado por Fernando VII. Anos máis tarde, ao se abriren as portas ao liberalismo político, será o ministro (galego) Moscoso de Altamira quen desde 1837 protexerá a acción de Pablo Montesino en contra da oposición conservadora favore-

céndose unha parcial aplicación do sistema monitorial, se ben con distancias con respecto ao máis determinado modelo lancasteriano, observado con distanciamento desde os sectores políticos máis conservadores. Na América hispana, que accedía á independencia na forma de novas repúblicas, a orientación lancasteriana terá desde Simón Bolívar, e como novelou Uslar Pietri, serios defensores e algúns creativos mestres, uns e outros axuntados en sociedades lancasterianas, ata que co inicio da década decimonónica dos anos corenta esta metodoloxía, afectada sen dúbida por algunhas importantes deficiencias, comezará a perder audiencia, como indicou Ramón de la Sagra, unha vez que o aumento de profesores formados nas Escolas Normais permitía reducir o número de alumnos por profesor e aula.

O estudo de Miryam Carreño, que constitúe unha moi xeitosa e adecuada monografía, termina indicando con detalle e coidada organización as diversas fontes e recursos bibliográficos e documentais claves suscitados ante o desenvolvemento histórico-educativo desta orientación lancasteriana.

Antón COSTA RICO
USC